

## INFORMACIÓN

### ACTIVIDADES EDUCATIVAS MUNICIPAIS 2022-2023

#### CONDICIÓN DE INSCRIPCIÓN:

**INSCRIPCIÓN:** Presentar o formulario de solicitude (dispoñible na páxina web municipal) e resto de documentación necesaria, pola sede electrónica do Concello de Cambre ou de forma presencial en calquera dos rexistros de entrada para o que deberán solicitar cita previa das seguintes formas:

- ou chamado ao nº 981 613 128.
- ou na páxina web do Concello de Cambre.

**PRAZO DE INSCRIPCIÓN:** do 19 ao 26 de setembro de 2022. Fóra deste prazo pode presentar igualmente solicitude de alta, se hai prazas vacantes na actividade que lle interese.

**ADXUDICACIÓN DE PRAZAS:** No caso de haber máis solicitudes que prazas, haberá **sorteo de prazas o día 28 de setembro** ás 12 horas, nas oficinas municipais de Educación situadas na Barcala.

Terán preferencia en primeiro lugar as persoas empadroadas en Cambre, en segundo lugar os fillos ou fillas dos solicitantes que traballan no municipio de Cambre e as prazas baleiras poderán ocupalas os veciños doutros concellos.

**Para saber se o solicitante está admitido** na actividade deberá chamar ao nº de tf.: 981 613 291 ou mirar na páxina web municipal **a partir das 14:00 horas do día 29 de setembro de 2022.**

#### ACTIVIDADES EDUCATIVAS MUNICIPAIS CURSO 2022-2023:

**DURACIÓN:** Realizaranse entre o mes de outubro de 2022 e o mes de maio de 2023 (agás a de ciclismo que comeza no mes de novembro de 2022). As vacacións e días festivos serán os contemplados no calendario escolar do curso 2022-2023 publicado pola Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional. Cada actividade ten o seu período de duración.

**TARIFAS E PAGAMENTO:** As tarifas e reducións serán as reflectidas no Acordo regulador do Prezo Público por Actividades Extraescolares Municipais vixente. Aínda que a tarifa é mensual o cobro da mesma será trimestral por domiciliación bancaria.

A falta de asistencia á actividade na que un/unha alumno/a estea inscrito non dará dereito á devolución do importe. Estas condicións réxense pola Ordenanza Reguladora da inscrición dos participantes nos programas de actividades do Concello de Cambre, publicada no BOP núm.81, do mércores 30 de abril de 2014.

**BAIXA NAS ACTIVIDADES:** Para darse de baixa dunha actividade deberá presentar a solicitude de baixa pola sede electrónica do Concello de Cambre ou de forma presencial en calquera dos rexistros de entrada para o que deberán solicitar cita previa das seguintes formas:

- ou chamado ao nº 981 613 128.
- ou na páxina web do Concello de Cambre.

**Nº DE PRAZAS:** Estabrécese un nº mínimo e máximo de prazas para cada unha das actividades.

## TIPOS DE ACTIVIDADES EN FUNCIÓN DAS IDADES A QUE VAN DIRIXIDAS:

### - ACTIVIDADES DIRIXIDAS A ALUMNADO DE 2º CICLO DE EDUCACIÓN INFANTIL (3-6 ANOS), EDUCACIÓN PRIMARIA, EDUCACIÓN SECUNDARIA E BACHARELATO:

#### - XADREZ (iniciación):

Día e hora: sábado, de 12:00 a 13:30 h.  
Lugar: local do Club Xadrez de Sigrás (O Souto).  
Número de prazas: mínimo, 8 e máximo, 10 .  
Características: aprendizaxe nivel de Iniciación ao Xadrez.  
Idades: alumnado de E. Primaria, ESO e Bacharelato.  
Prezo mensual: 4,50 euros.

#### - XOGOS PREDEPORTIVOS:

Día e hora: luns, de 18:00 a 19:15 horas.  
Lugar: pavillón Polideportivo Bernardo Bish (Brexo-Lema).  
Características: actividade predeportiva: xogos predeportivos e psicomotricidade.  
Número de prazas: mínimo, 8 e máximo, 12.  
Idades: alumnado de 6º de Educación Infantil ,1º e 2º de E. Primaria.  
Prezo mensual: 7,00 euros.

#### - ESCOLA DE MINIVOLEIBOL (iniciación):

Día e hora: xoves, de 18:00 a 19:15 horas.  
Lugar: pavillón Polideportivo de O Graxal.  
Características: iniciación ao minivoleibol.  
Número de prazas: mínimo, 8 e máximo, 12.  
Idades: alumnado de 3º a 6º de E. Primaria.  
Prezo mensual: 7,00 euros.

#### - ESCOLA MUNICIPAL DE CICLISMO:

Día e hora: martes, de 17:30 a 19:00 h.  
Lugar: pista polideportiva cuberta de Pravio.  
Características: iniciación e perfeccionamento ao Ciclismo. Deberán levar bicicleta e casco.  
Idades: alumnado dende 2º de E. Primaria.  
Prezo mensual: 4,00 euros.  
Observacións: Imparte o club ciclista de Cambre según convenio co Concello de Cambre. As condicións desta actividade poden sufrir variación segundo necesidades da mesma.

### ESTA ESCOLA COMEZA O 8 DE NOVEMBRO DE 2022.

#### - OBRADOIRO DE INGLÉS:

Día e hora: Grupo 1: xoves, de 17:00 a 18:15 h.: 5º e 6º de E. Infantil.  
e Idades Grupo 2: xoves, de 18:15 a 19:30 h.: 4º,5º e 6º de E. Primaria  
Grupo 3: venres, de 17:00 a 18:15 h.:1º,2º e 3º de E. Primaria  
Lugar: Local municipal infantil da Barcala (fronte á pista polideportiva descuberta da Barcala).  
Número de prazas: mínimo, 8 e máximo, 10 (por grupo).  
Características: farán actividades en Inglés segundo o nivel dos participantes.  
Prezo mensual: 7,00 euros.  
Se non houbera solicitudes suficientes para poñer en marcha algún dos grupos e fóra necesario para duplicar outro, poderase dispoñer desas prazas para facelo.

**- ACTIVIDADE INFORMÁTICA: ROBÓTICA E PROGRAMACIÓN:**

Día e hora: Grupo 1: 6º E.I. a 2º E.P. mércores de 17:00 a 18:00 h.

e Idades Grupo 2:, 3º E.P. a 6º E.P. mércores de 18:00 a 19:00 h.

Lugar: Aula municipal de Informática da Barcala (fronte á pista polideportiva descuberta da Barcala).

Número de prazas: mínimo, 8 e máximo, 10 (por grupo).

Características: Para Robótica, o grupo 1 utilizará Matalab, un robot educativo e de ocio que promove que os/as nenos/as aprendan as bases da programación sen pantallas e ningún dispositivo móvil e o grupo 2, utilizará o BBC micro: bit, unha pequena tarxeta programable deseñada para que aprender a programar sexa fácil, divertido e ao alcance de todos/as sendo tamén unha plataforma IoT e ten un entorno de programación gráfico propio.

Para Programación, utilizarase o SCRATCH, linguaxe de programación visual para ensinar a programar a nenos/as, e CODE.ORG para acercar a programación a calquera.

Prezo mensual: 7,50 euros.

Se non houbera solicitudes suficientes para poñer en marcha un dos grupos e fóra necesario para duplicar outro, poderase dispoñer desas prazas para facelo.

**- ACTIVIDADE DE FORMACIÓN DIRIXIDA A:**

**- FAMILIAS DE ALUMNADO DE DE 2º CICLO DE EDUCACIÓN INFANTIL (3-6 ANOS) ,EDUCACIÓN PRIMARIA, EDUCACIÓN SECUNDARIA, BACHARELATO E FORMACIÓN PROFESIONAL.**

**- ALUMNADO DE 5º E 6º DE PRIMARIA, EDUCACIÓN SECUNDARIA, BACHARELATO E FORMACIÓN PROFESIONAL.**

**- ESCOLA DE FAMILIAS**

Outro dos programas é o de “**Escola de Familias**” que, a través do Departamento de Educación, o Concello de Cambre leva anos ofertando e que no presente curso escolar quere seguir ofertándoo nas seguintes condicións:

- **O obxectivo** fundamental desta actividade será dar apoio educativo e psicolóxico aos/ás pais/nais, titores ou outros familiares axudándoos/as na difícil tarefa de educar aos/ás seus/súas nenos/as e aos propios/as nenos/as que acudan ás sesións, solucionando as súas dúbidas. A estratexia na exposición será a través de exemplos prácticos, baseados na vida cotiá e na experiencia das persoas orientadoras que van impartir estas charlas.

- O lugar será na Casa da Cultura Vila Concepción.

- Nº de prazas: 5 prazas como mínimo para que se imparta cada sesión e máximo ata completar aforo.

- Temas e datas de celebración das sesións:

**1.- Absentismo e fracaso escolar:** 17 de outubro de 2022 ás 19:00 horas.

Abordarase e reflexionarase con nais e pais acerca do poder dos hábitos, tamén nos estudos e do esforzo e motivación fronte ó fracaso escolar • Construindo hábitos, tamén para os estudos • ensinar e aprender: un camiño de ida e volta • que podo facer? algunhas estratexias útiles.

**2. Mediación de conflitos no ámbito escolar:** 7 de novembro de 2022 ás 19:00 horas.

Traballarase con nais e pais para o afrontamento e xestión dos conflitos familiares e no ámbito escolar e donde a mediación pode ser unha ferramenta máis. • Conflitos: de que estamos a falar? • A mediación: unha ferramenta máis • Cómo actuar ante...

**3. Uso responsable de redes sociais:** 28 de novembro de 2022 ás 19:00 horas.

Abordarase o uso responsable das redes sociais, o uso de internet nas familias incidindo na protección e sinalando algúns dos riscos; suplantación identidade, sexting, grooming • tempo de pantallas: conectas ou desconectas. Quen decide? Como se decide? Por que é necesario?, ... • As nais e pais como guías.

**4. Iniciación á educación afectivo-sexual e coñecemento da diversidade:** 12 de decembro de 2022 ás 19:00 horas.

Desenvolvimento: afectividade e sexualidade; Sexualidade e mundo virtual: pornografía, sexting, grooming; Algúns tips para nais e pais.

Haberá servizo de atención a menores, que cursen entre 4º de E. Infantil e 4º de E. Primaria e tamén ata 6º de E. Primaria se non acuden como participantes da sesión, mentras se imparten as sesións. Para que se leve a cabo este servizo deberá haber como mínimo 2 menores que o soliciten.

Tanto as sesións da Escola de Familias coma o servizo de atención aos menores mentras se imparten, son de balde para os/as participantes.

Cambre, 19 de setembro de 2022.